

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE AUTORIZA CON CARÁCTER PROVISORIO, A ADXUDICACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

Con data 4 de abril de 2018, elevouse á *Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado* unha consulta solicitando aclaración e interpretación adecuada dos preceptos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), relacionados coa adxudicación de determinados contratos de subministración polas universidades públicas e coa aplicación da dita norma aos negocios e contratos excluídos no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, trala entrada en vigor da Lei.

Mentres dito órgano consultivo non se pronuncie sobre a aplicabilidade xeral ás universidades públicas do suposto específico de utilización do procedemento negociado sen publicidade previsto no artigo 168 c, apartado 1º, da LCSP*, en resposta á dita consulta, e vista a proposta elevada pola Mesa de contratación da USC con data 3 de abril de 2018, relativa á autorización provisoria para a adxudicación de determinados contratos por procedemento negociado sen publicidade.

O reitor **RESOLVE**:

Primeiro.- Autorizar, con carácter transitorio, a aplicación do procedemento negociado sen publicidade baseado no establecido no artigo 168 c, apartado 1º, da LCSP, ás seguintes adquisicións:

- As de equipamento singular, de reactivos e, en xeral, de material funxible para o seu uso en instalacións de investigación, sempre que se trate de gastos realizados con cargo a partidas orzamentarias soporte de actividades de docencia ou investigación.
- As de fondos bibliográficos destinados á investigación, a experimentación, o estudo e a innovación, tales como edicións críticas, manuais, estudos, anuarios, ensaios, recompilacións, actas de congresos, revistas científicas, textos legais comentados, e outros de natureza análoga.

Segundo.- Para poder aplicar o procedemento negociado sen publicidade baseado neste suposto, o director do centro de gasto proponente do contrato deberá solicitalo formalmente á Mesa de contratación, achegando, xunto co anexo de especificacións do contrato e do prego de prescricións técnicas particulares, un informe debidamente razoado, xustificativo das causas nas que basee a solicitude.

Terceiro.- Sempre e cando sexa posible, deberá existir negociación cos licitadores capacitados tecnicamente para a execución do contrato. A Mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación, garantirán que esa negociación se produce efectivamente.

O reitor

Juan M. Viaño Rey

* Dito precepto establece que poderá aplicarse este procedemento: "*cando os produtos se fabriquen exclusivamente para fins de investigación, experimentación, estudo ou desenvolvemento; esta condición non se aplica á produción en serie destinada a establecer a viabilidade comercial do produto ou a recuperar os custos de investigación e desenvolvemento*".

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JUAN MANUEL VIAÑO REY, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/04/2018 21:04:14.

CSV: 7EBD-B9BA-4BEC-B405